

1 S E T E M B R O D O 2 0 0 5 - N Ú M E R O 5 8 2

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



ERÍN MOURE
Homenaxes á auga

Erín Moure é unha das máis portentosas e combativas poetas do Canadá, pero desde este ano pertence á Literatura galega por un libro, *Little theatres (teatriños)*, no que compaxina o inglés –“un idioma de poder e escravitude que me dá ansiedades inmensas”– co galego do seu bisavó de Crecente, aínda que teña como lingua materna o francés, “o idioma no que penso e no que soño”. Autora de libros como *O cidadán* (2002), *The frame of a Boock* (1992), *Wanted alive* (1983) ou *Empire, York Street* (1979), Erín é tamén tradutora: de Manuel Rivas, de Fernando Pessoa, de Manuel Antonio ou de Chus Pato. A súa obra en galego xorde –asegura a escritora– “sen lóxica nin escolla”, consciente de que os seus lectores no Canadá non ían comprender aquel idioma. Non lle importou: tirou cara a adiante: despois de todo, non ve tanta diferenza entre escribir en galego, en francés ou en inglés porque “como poeta e tradutora,

Erín Moure

O límite aberto

sufro as palabras, en calquera idioma”. Parafrasea a Jean-François Lyotard –que non cría na existencia do pensamento sen sufrimento– e asegura que sente toda caste de emocións cando escribe en galego: “dor, ledicia, rabia, saudade, temeridade, tempestade, calma, amor...” Dos seus *Teatriños* –do que agora presentamos en Revista das Letras algúns dos seus textos en galego, concretamente a sección *Homenaxes á auga*– di que ten nel “unha voz pequena e inxenua en galego” e que se escribiu en galego foi “só pola insistencia das palabras, dos sons, e quizais, admítoo, para despedirme un intre do idioma usado e gastado por George Bush e Tony Blair para mentir e matar”.



[Homenaxe ao mineral básico de borscht]

Na remolacha hai algo de terra.
Algo de humidade
Algo de humildade
algo mineral. E auga.
A remolacha é depósito de auga.
Recipiente de auga
sangue de terra
sangue de cultivo
sangue azul de tanto encarnado.

Tiven remolacha
cando tiven corpulencia
cando fun solo de terra
errando pola terra para terme

auga.
Humedecerme nas remolachas.
Cor da miña cor.
Coquetería do meu corazón.

[Homenaxe ao mineral do repolo]

No repolo hai algo de voo aterrado
Algo de ceo
Atrás as ás do repolo, que están dobradas
e sobredobradas para aterralo,
repousan aínda máis ás, pensando no ceo.

Hai algo inconsciente do repolo.

Niso, o repolo tamén ten auga, auga de tormenta,
augas do ceo.
O repolo repleto de líquido.
A súa tapa tormentada que non te desmente.

¡Coidado da cabeza se miras o repolo!
Pensamentos das follas pálidas
cortadas na auga fervida.
Hai algo de votivo
de cansanzo inmenso
de mirada nunca acabada no espazo dunha vida
pero dobrada e redobrada e sobredobrada
para tapar esas augas tormentadas
augas caladas
augas augaradas
do repolo compartidas con nós, cos seres.

[Homenaxe ao mineral da cebola (I)]

Na cebola, hai
algo de lume. Ese lume que se chama
Néboa. A cebola é a maneira
que ten a néboa de entrar na terra.

No solo. Polas follas verdes da cebola.

Mira como as súas follas se estenden no aire.
Mira como, unha vez cortada,
unha folla de cebola ten aire dentro.

O aire é a xenerosidade da néboa.
Coa néboa, hai xenerosidade na terra.
Son dous pensamentos xemelgos.

Son dous pensamentos que sosteñen a terra.
Nestes días bélicos que prometen guerras,
mira como lle axuda a cebola á néboa
a soste a terra.

[homenaxe á cebola (II)]

A cebola tamén é a maneira
na que o solo comparte a terra
co lume.

Polas follas de cebola pasan cantos
dende a terra até o lume.
O lume, xa sabes, é a néboa.
E os cantos _
ruídos dos pés cando pisan o solo.

Pero soamente (admito) se os pés estan calzos
con botas de traballo, de goma.
Nunca cos pés calzos con botas de soldado.

Se os pés estan calzos nesas botas, de soldado,
pechan as follas.
E o canto vai para terra, onde deita
para sempre.
E a néboa cámbiase en tiros
para desaparecer.
E as cen fazulas de cebola aloumiñan as tebras do chan

[Homenaxe á potencia da pataca]

Nas patacas atopamos unha mestura (moi salvaxe)
de auga e lume
dentro da terra.
É a mestura a máis concentrada
no planeta.
Mesmo nas fábricas de pólvora non se pode mesturar
auga e lume.

Por iso, a potencia revolucionaria das patacas
é máis grande cá da pólvora.
En efecto,
para aumentar a potencia da pólvora, precísanse

magnolias.
Cando fala alguén de pólvora e magnolias
a mensaxe implícita é a da potencia das patacas.
Auga e lume.
Augardente sólido.
Sen canseira.
Mar sen naufraxio.
Tiro sen ferida.

(Dedicado a Méndez Ferrín)

[Himno ao allo (sen auga)]

No allo hai auga sen auga.
En cada dentiño de allo
hai unha soa bágoa
Agardando un ollo.

O seu ollo.

O ollo que perdeu ela
nun momentíño despistado

cando del caeu.

Unha soa bágoa caída é suficiente
para lagrimar a terra.

Se a ollas *caer.*
Se ves algo *caer.*
Se podes, á fin e ó cabo,

iso, iso, *ver.*

[Soidade]

Sempre na miña vida fáltame, fáltoume, algo,
un alento.
Desde sempre debo aprendelo
da terra.


Eu quería, para agradecerlle á terra
o seu alento,

ser laranxa.
Cerca das cenorias.
Para quentarme no solo.

Sempre na miña vida envexaba eu a cenoria.
¿Como podía algo tan laranxa sentir a tristeza?
¡É laranxa se ben que nunca ve o ceo!

Ser laranxa, polo menos unha vez,
e nunca máis vivir coas tristuras.
Ceibarme destas, por fin
e tocar o solo coa miña cara,

escoitar o alento da terra



Debuxo: Xocas

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Fotografía de portada: Antón Lopo



8 SETEMBRO DO 2005 - NÚMERO 583

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS




Viky García
Oralé


Agóchase detrás da cámara, que nela é extensión do corpo -prolongación dos ollos- para retratar a súa realidade: ese mundo que non é, onde os soños tornan tanxibles. Viky García (Compostela, 1980) aborda a suspensión do tempo e detén coa fotografía o reloxo nun mundo efémero. Senta ou toma unha birra ou vai ao mar ou, inquieta e detida á vez, somérxese intuitivamente naquel mundo no que abrolla para 'Oralé' -o monográfico que presenta para RDL- o xesto de Domitila, a muller que a acollera no medio do deserto de México; o de Lucina, a cociñeira de Wadley ou o do seu neto Josué, sempre entre as pernas. Na maioría dos casos, só do contacto coas persoas emerxe o retrato que edita como se foran pura reencarnación: sobre cada unha, unha a unha, ao pé de Chico Mirás na fotocomposición, xurdían as súas preocupacións sobre os encadres, cores, cortes, perspectivas ou pixelados nun momento no que a fotógrafa explora nas posibilidades da cor: mesmo dunha cor máis psicodélica. Non é casual que Viky García, fotoxornalista de 'El Correo Gallego' e 'Galicia

Viky García

Soños tanxibles

Hoxe' e colaboradora de revistas como 'Balder', presente as imaxes da súa viaxe a México, porque foto e viaxe sempre estiveron nela unidos e, como unha viaxe, empezou a súa incursión na fotografía, saltando dunha intención máis documentalista a esa mirada máis creativa na que se refuxia. Moito tivo que ver unha profesora de Belas Artes, máis que outros autores recoñecidos, da que foi alumna nos dous anos que estudou fotografía en Barcelona pero aínda moito máis as súas paixóns, como pola cultura maia ou as civilizacións antigas, que a levaron ata o deserto. México D. F.- Teotihuacan- San Luis Potosí- Wadley-San Cristobal de las Casas (Chiapas)- Península do Iucatán (Bacalar, Mahahual, Tulum ou Mérida) e volta a México D.F nun percorrido iniciático onde recrea o seu outro México: 'Oralé'.





Día de mortos. Zocalo México D. F.




Na imaxe superior, Lagoa de sete cores. Bacalar. Na inferior , Deserto en Wadley
Viky García, na foto da páxina 3, nun retrato de Cris Tobío



Wadley, en pleno deserto, con Josue (imaxe superior), Domitila (á esquerda) e Lucina (abaixo á dereita) entre un reflexo e os vaqueiros. Na páxina 7, nenas en San Cristobal de las Casas (Chiapas) na foto inferior. Yakkala e Tlazowa (superior esquerda) e unha imaxe do Día de Mortos en México D. F.





Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Fotografía de portada: Viky García



15 SETEMBRO DO 2005 - NÚMERO 584

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



**B.B.
Going nomad**



B. B. O reino Gipsy

... Babocsa, Bolhó, Heresznye, Vizvár, Háromfa, Tarany, Barcs... Son os nomes das vilas que B. B. percorreu durante case vinte días. Todas en Hungría, xusto no Sueste, na fronteira con Croacia. Volcada dende hai tempo no mundo do audiovisual, a xornalista Belem Brandido viviu somerxida na vida dos xitanos, á beira dun proxecto de recuperación da súa identidade nómade: sinal dun pobo –perdido dende hai tempo– e historia dunha etnia –engastada en guetos– que insta para transformar o vocábulo, insidiosamente pexorativo, de xitano/cigány cara un xitano/roma nun xiro que arrouban para gañar en igualdade. Perseguidos –por Reis Católicos ou Hitler– ou dezmados –mesmo coa aplicación de métodos de esterilización forzosa– os xitanos en Europa son vítimas de novas formas de exclusión. Delas faise eco B. B. nun texto que entrega para a RDL coa intención da denuncia e tras a descuberta de Hungría; porque en Hungría hai moitas Hungrías. As cifras falan: entre o 60 e 80 por cento dos xitanos en idade de traballar carecen de emprego. Eran nómades, precisamente porque non había neles afán de conquista.



Hoxe é domingo. Día de descanso para todos e acabo de levantarme: non temos diana, ás seis ou sete da mañá, como vén sendo habitual. Levamos xa máis dunha semana xuntos e regresamos a Babocsa, ás tantas da madrugada en coche, non en carromato. A distancia era curta, pero como houbo movida en Tarany coa comunidade gipsy da vila, tivemos que marchar antes do previsto e repartinos nos turismos. En Babocsa, recibíronnos cunha grande festa no único Pub que hai na vila, ateigado como cada sábado de xente. Houbo en Hungría varias Hungrías e varias viaxes: unha delas é o paso polos bares de cada vila. Poucos, pero importantes, para as paradas no medio da axenda: cata de viños, visita á Igrexa, partido de fútbol cos gipsys e logo sesión disco, o sábado –dato importante para toda a comunidade gipsy nun sábado noite–, no tempo libre, fóra do que logo eran os encontros coas autoridades romanís para coñecer máis de cerca a súa realidade e a dos ghetsos.

Eramos un Gipsy Big Brother total. Ó principio custou, xa que a vida nómade non é algo cotiá. Vives e soñas coas familias xitanas: durmindo, almorzando, comendo, duchándonos, camiñando, rindo, e un longo etcétera, que marca a convivencia.

Naquel domingo 17 de xullo, a nai de Etús tropezou co cordón dunha das tendas de campaña ó que lle valeu a bronca de toda a familia por caer (situación cómica onde as haxa, como moitas ó longo do día): Attila (o noso intérprete ó inglés, case ninguén fala inglés, só húngaro) estaba no salón da casinha co computador; na outra salina de estar, a escuras, Cini (coordinador xitano do proxecto Going nomad) fala con Barby coa música a todo volume; na cociña o Apa (o patriarca da familia gipsy cos que convivimos) subido a unha cadeira arranxando a luz e Cindy preparando o almorzo; Marti peitea a Linda (as dúas mozas xitanas): fóra, vai comezando a espertala xentiña.

Carla e Alberto (galegos) aínda dormen; Cou (galego) tamén; María e Loli (galegas) acaban de erguerse e dispóñense a lavar unha pouca roupa; Silvia (galega tamén), que xa leva un bo anaco levantada, xa rematou de lavar a súa roupa e de colgala. Neste mesmo instante soa Police. Imi (fillo de Etús) sae da zona da cociña; Julian (francés) érguese tamén e faino co seu sombreiro de cowboy, tal cual; Etús, penso que está ordenando por dentro na casa o que pode ordenar; no cuarto das mochilas, que o de Pisti (outro dos fillos de Etús), están máis gipsys terminando de arranxarse; Eby (o alemán), está ó meu lado coa cabeza noutra parte, dende logo. Agora soa batucada brasileira. E aquí estamos. Coas tendas de campaña instaladas no xardín de Apa e Etús ¡Ah! E, esquecíame, Eric (co belga) tocando a guitarra por toda a casa. Fíxoo xenial cando acompañou a Cou nun dos *happenings* que fixo para toda a rapazada en Tarany. De Steve (escocés), Raphael e Cecil (franceses) e Joke (belga) aínda non sei nada. Deben seguir a durmir.

Agora soa Michael Jackson. Aquí tamén colle forza o de "a realidade supera a ficción": Rodeada de adolescentes gipsys vemos en DVD "Gato Negro, Gato Branco" de Kusturica, no computador.





Non é doado poñerse a estas alturas a escribir ou, xa postos, a abrir un debate sobre o conflito e a realidade actual dos romanís, nin en Europa nin en ningures, pois parece que xa está dito todo. Non obstante, convivimos dende hai séculos con esta etnia da que só nos interesa, positivamente, o seu folclore (o baile, o cante, as palmas), e negativamente, todo o resto. O ¿por que? Pois coma sempre, por ignorancia, polos prexuízos e pola falta de interese nun grupo marxinal dende hai séculos que debería ter toda a lexislación propia dun auténtico Estado.

É aquí onde o proxecto "GOING NOMAD", coordinado pola romaní húngara Etús Orsós e pola checa Julia Skorupska, cobra unha importancia vital no que é o achegamento doutros cidadáns europeos á realidade que viven no século XXI os gipsys húngaros e, en consecuencia, a realidade xitana. Pois unha cousa leva á outra. Un proxecto desenvolvido na primeira quincena de xullo deste ano do que o seu principal obxectivo era enterra-los prexuízos e os estereotipos que acompañan sempre os xitanos mediante unha convivencia total con eles e recuperando, para iso, algúns dos seus costumes, como era o nomadismo e a vida en carromato.

A realidade, é que hoxe en día xa practicamente non existen familias nómades en Hungría, nin en Romanía (que pode ser o país onde os gipsys aínda manteñan estilos de vida máis antigos) e que a vida nos asentamentos é a que escollen a maioría das familias para poderen acceder a outro tipo de privilexios e comodidades sen ter que renunciar á súa cultura. Algo que non resulta tan sinxelo para unha minoría nacional e étnica como é esta.

Na actualidade, existen en Hungría un total de trece minorías nacionais e étnicas que levan máis de cen anos convivindo. Alemáns, armenios, búlgaros, croatas, eslovacos, eslovenos, xitanos, gregos, polacos, romaneses, rutenos, serbios e ucrainianos. É característico deles que viven xeograficamente dispersos, en aproximadamente 1.500 poboacións e, polo xeral, forman minoría incluso dentro dos mesmos poboados.


No ano 93, unha nova lei do Goberno húngaro concédelle a estes grupos ter o seu propio Goberno: autogobernos. Esta é a primeira vez no mundo no que é posible ter un Goberno local e un Goberno de minoría nunha mesma comunidade. Pero, ¿cales son os requisitos que fan falla para ser unha minoría? Levar máis de cen anos asentados no país e ser superior ás 50.000 persoas.

Compre, chegados a este punto, ter en conta que non porque se lles conceda esta grazia á comunidade gipsy, se acaban os seus problemas. A marxinação continúa existindo, non en toda Hungría, pero si nunha gran parte. Aínda hoxe un mozo húngaro que non sexa xitano ten máis posibilidades de ser aceptado laboralmente que un gipsy propiamente. Existe moita xente que logra colocarse ben socialmente e que non recoñece a súa condición de xitano por mor da represión social. Aínda hai quen asocia o termo "xitano" como sinónimo de ladrón, vago e conflitivo, de tal forma que cando dende fóra se fala de cultura xitana, non se fai máis que insistir sobre eses mesmos tópicos, atribuíndolles ritos exóticos e barbarismos. Algo que non sucede só en Hungría senón que se repite en toda Europa como mal nas comunidades romanís.

A cuestión xitana non é unha cuestión de caridade nin de asistencia social. Que, aínda que sexa verdade que hai unha parte importante desa comunidade que vive na indixencia, non vive así como resultado automático da súa condición de xitanos, senón pola súa condición de pobres. Por iso, a resolución das súas necesidades deberíase formular dentro dun marco xeral de xustiza social dirixida ó conxunto da poboación máis necesitada nunhas condicións de igualdade e de integración social e non de segregación.

[Ghetos]

Na práctica, a política chamada de integración de poboación marxinal converteuse de feito nunha política de segregación racial dirixida cara ós xitanos, xa que non só se rematou coa súa situación de marxinação e de ghettos, senón que en certa forma perpetuouse a base de xerar unhas condicións mínimas que condenan a eses xitanos a un conformismo pesimista e á escasa autoestima. Así, os ghettos, en canto a espazos de aillamento, tanto físico como social, non só non desapareceron, senón que polo contrario perpetuáronse mediante a construción de grupos de vivendas que, o reuniren unhas mínimas condicións de habitabilidade, condenan, non obstante, as persoas ás que se lles facilita a marxinação perpetua.





En Hungría, por exemplo, se unha familia xitana ten máis de dous fillos, ten dereito a facer unha casa (proporcionáselle todo), pero iso si, sempre dentro do gheto. Nunca poderá facelo fóra. Só en raras ocasións.

[O ensino]

Xa entradiños no século XXI aínda se escoitan casos, aquí en Galicia, coma o que me contaban hai unha semana escasa, e non vén ó caso poñerlle nome ó pecador: "teño un sobriño que creo que vai máis adiantado do que lle correspondería por idade na escola (caso de posible neno superdotado) e, a súa mestra, colocouno ó final da clase ó lado dun neno xitano para ver se así a este segundo se lle pega algo da listura do meu sobriño". E nos quedamos tan anchos. Isto non vai moi desparello ó que sucede en Hungría.

Alí, a estas alturas, aínda se continúa enviando moitos alumnos pertencentes a esta "minoría" a centros de educación especial por seren considerados deficientes mentais. A cuestión é que algúns nenos daban baixas puntuacións nos test que se lles realizaba por falta de coñecementos culturais, o que provoca que aínda hoxe sexan separados das aulas ordinarias

No terreo do fracaso e absentismo escolar dos nenos xitanos bótaselle toda a culpa ó ambiente familiar e á indolencia dos pais xitanos, pero discúlpase a clase docente e os mesmos plans de estudo que son incapaces de integrar no ensino os elementos culturais diferenciadores que os rapaces xitanos lle achegan á escola, e non evitan o baleiro nin o rexeitamento que os alumnos xitanos sofren en moitas ocasións por parte dos demais rapaces.

Coma no resto dos factores sociais, a educación non se aplica de igual forma ós nenos romanís en relación co resto da poboación en cada un dos países nos que habitan. As escolas non ofrecen, na maioría dos casos, adaptacións curriculares que adecuen os contados ás características socio-culturais desta minoría. Ademais, a mentalidade reinante nos centros educativos a a de integración ou asimilación, e non a de diferenza / diversidade. Isto provoca unha constante presión sobre as persoas xitanas, que teñen que face-lo esforzo de adaptarse ó que a cultura dominante impón. Así, os costumes e a mentalidade deste colectivo non ten cabida xa nos primeiros niveis da escola, quedando tamén sen contemplar a ligua propia.

En Hungría, os mozos/-as que queren estudar unha carreira universitaria só poden ir a Pécs, unha cidade ó sur na que hai un centro de Estudos Superiores para xitanos. E, así está o panorama.

Paralelamente móvense os marcos legais, tantas veces sen contidos. Unha resolución da Cámara Europea sobre a situación dos xitanos na UE adoptada, por ampla maioría, o pasado 28 de abril do 2005 mantén que "unha vez máis as institucións comunitarias amosan o seu interese e preocupación pola comunidade xitana". Adoptouse unha resolución conxunta por 497 votos a favor -25 en contra e 30 abstencións- sobre a situación da comunidade xitana en Europa. En dito pronunciamento, o Parlamento Europeo fai mención a diferentes aspectos que afectan á comunidade xitana, entre eles: condena toda forma de discriminación contra os xitanos e insta os estados membros e candidatos a reforza-la lexislación nacional e as medidas administrativas que expresa e especificamente contrarresten o sentimento anti-xitano e prohiban a discriminación racial e a intolerancia étnica, sexa directa ou indirectamente, en tódalas esferas da vida pública; fai un chamamento á Comisión Europea, ó Consello Europeo, e os estados membros e candidatos para que consideren a posibilidade de recoñecer ós xitanos como unha minoría europea; urxe os estados membros a promover medidas que lles faciliten acceso ós xitanos á vivenda, ós servizos públicos, ó mercado laboral e insiste en evitar a segregación dos nenos nas escolas e a guetización no ámbito da vivenda". Como anécdota desta convivencia co mundo gipsy en Hungría, o entusiasmo que espertaba a canción da Saia da Carolina entre os rapaces e adolescentes das diferentes vilas. Ata tal punto, que a que aquí escribe, tivo que deixarlles a letra escrita e ensinarllela a varias mozas. Non nos estrane que dentro de varias décadas, atope algún viaxeiro que se achegue a esas terras con algunha derivación desta cantinela en húngaro. **Belem Brandido**

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Fotografía de portada: Belem Brandido



22 SETEMBRO DO 2005 - NÚMERO 585

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



**María Reimóndez
Estás de volta?**

Ante todo unha advertencia para que non se entenda mal: este non é un exercicio de narcisismo. "Eu son –declara María Reimóndez en forma de metatexto– a que sempre fica detrás". "Detrás –engade– da foto. Por forza é sempre así, xa que as protagonistas principais de Karaikal e Tiruchy son outras persoas, aquelas que normalmente non vemos, aquelas que non falan discursos para a ONU e os parlamentos, aquelas que son un mero reberete exótico no bordo da noticia. Isto non é un exercicio de narcisismo senón unha excepción. A excepción na que por unha vez me fago visible na imaxe, diante e detrás. Pero xa sabedes, a excepción confirma a regra así que axiña estarei de novo na segunda fila, tentando facer un espazo para as palabras, as accións e o valor de tantas persoas anónimas que aquí, alá e en todas as partes loitan por cambiar as súas vidas e con elas o mundo no que vivimos. Porque esa é a única maneira é nunca é tarde para comezar". Volveu María Reimóndez da India aínda que o seu regreso non é tal: É unha constante, habitual

María Reimóndez

Detrás da foto

dende hai once anos, tras o que remexe no inquérito: "Estás de volta? para, na resposta, volver á pregunta: de volta, "de onde?". É que India e Galiza son, na autora de entregas como 'O caderno de bitácora' (2004) ou 'Mitos e lendas hindús' (2002), un mesmo mapa emocional: un trasunto fusionado– sobre historias comúns e idas e voltas– do seu eu: un eu encravado no 'Eu. Nós' –o poema máis curto da historia– sobre a solidariedade e os proxectos colectivos, como o que a levou a presidir a ONG de cooperación IND dende o 1998: unha iniciativa galego-india que avanza no compromiso social, na denuncia e nas realidades comúns porque para Reimóndez, dende unha perspectiva máis evolutiva, "nada é igual" aínda que "todo é igual" na mirada esencial que revisa a sociedade e advirte das agresións sobre a muller ou das discriminacións de xénero, tanto na Galiza como na India. Sen idealizacións nin inxenuidades. Sen sentires exóticos nin mitificacións lanza para RDL a súa pregunta: "¿Estás de volta?" sobre as fotos de Paco Vila e nun diario da India



Estou de volta. Estou de volta nun texto que non debera escribirse nunca. Un texto respuntado polo mar pero escrito polas persoas. Un texto de destrución inmediata e languidecer permanente. Un texto que fala de choupanas de palla, dunha comida ao día, de non saber ler e escribir, de casar aos doce anos. Un texto que leo unha e outra vez. Unha e outra vez. Como tentando asimilar que permitimos que exista. Un texto que aquí, en Karaikal, ten a glosa dunha onda, a nota ao pé de páxina dunha

vaga bárbara de accións paternalistas, unha tristura profunda de ver a cara ruín do noso interese mediático e a desaparición inmediatamente posterior de todas estas persoas que teñen caras e nomes. As que quedaron. As que non están aí, do outro lado. Aí cara a onde miro. Aí cara ao fondo do mar.

Estás de volta?



Estou de volta. Cos ollos abertos. En Karaikal hai abondo traballo que facer. Hai que observar, camiñar, falar, pensar, avaliar, planificar. Todos verbos da primeira conxugación. Como amar. Na primeira conxugación cabe o asombro (asombrar) da permanencia da paisaxe, sete, oito meses despois da catástrofe. Seguen as árbores caídas, o cascallo das casas, as estradas desfeitas. O abraio (abraiar)

do paternalismo como un andazo que non deixa ás persoas participar e tomar decisións sobre a súa vida. O reparto (repartir, xa se ve que é da terceira) continúa, pasouse de alimentos e enseres domésticos (a persoas sen casa) a chalanas e barcos. Traballar, moito que pensar.

Estás de volta?



Estou de volta no desánimo. Necesito luz nos ollos para recuperarme e volver pensar con claridade. E esa luz ten un nome cara ao que marchó.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta na esperanza que se chama Tiruchy. Dous anos de traballo e moitas razóns para sorrir. Razóns para pensar que paga a pena o tempo, que paga a pena o desgaste e a argumentación, a loita. As caras coñecidas que antes eran nenas con mocos e mulleres con farrapos. Pero xa non. Moito aínda por facer, pero as palabras da vida son fáciles de escoitar cando as mulleres falan de dereitos e cando gañan máis que a traballadora do suburbio grazas á capacitación laboral.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta na casa onde atopo o consolo e o ánimo nos ollos de Manimekalai, onde rimos do sexismo das películas. No cuarto a calor ábreme as portas interiores pola noite, cando os ollos viaxan e percorren o día, cando se aledan coa ledicia das persoas e buscan solucións a problemas con elas, cando botan en falta o amor íntimo que fica lonxe. Onde a soidade se materializa na chamada á oración da mesquita ás cinco da mañá, o toque do novo día.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta nos suburbios, nas rúas de Tiruchy onde hai moito tempo comezamos IND. IND que creceu. IND que agora traballa tamén en Etiopía (e penso en Etiopía porque eu debера estar aló agora pero a violencia silenciosa que se vive no país non mo permitiu, penso na nosa campaña de recollida de sinaturas que vai lenta e tamén silenciosa, penso nas persoas que coñezo, nas montañas, na necesidade de Etiopía). IND que fai, fai e fai como unha formiga, na escuridade do tobo, na invisibilidade da ignorancia dos medios e dunha sociedade que prefire coñecer un nome –a ser posible con sede en Madrid- a ver un traballo e implicarse. IND que somos a fin de contas, nós. Nós en Galicia, nós en Tiruchy, nós en Karaikal, nós en Etiopía, nós tantas persoas que sempre somos poucas.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta en Karaikal. Aquí as mulleres seguen pensando nos meniños mortos. Os meniños nas mais mortas. Os círculos son infinitos. En tamil hai unha palabra, tuukum, que significa dor por unha morte, tan preciso é o idioma. Eu confúndoa sempre con tukum, que é durmir, como dormen os recordos que buscan consolo. Cada día peiteamos cos pés a praia, a area que agora todo o invade, para falar e escoitar, para dar apoio nas cousas pequenas e tamén no compartir dese tuukum que sinto xa atorado na gorxa sen poder escapar.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta na clase de danza, Bharatanatyam, o baile ancestral dos templos. Dous mil anos de historia que agora tentan repetir os meus pés, as miñas mans, os meus ollos. O meu corpo que exortiza as dores de cada día, o meu corpo que se fai o portador de tantas palabras, tantas voces, tantas miradas. O meu corpo que busca no movemento a saída. Bailando para Shiva, o deus da danza, busco tamén a resposta á dor que nunca remata.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta cos grupos de mulleres. De volta coa súa forza e o seu afán, os seus azos para saír adiante nas máis difíciles das condicións. Porque as condicións son ás veces case o imposible. Pero elas seguen para adiante. E temos tanto que aprender das súas estratexias. De mirar ao futuro coa convicción de superarse. De aferrarse a calquera oportunidade, a mínima, para mellorar. Nós tendémoslles só unha man mentres reparan as nasas, mentres venden o peixe, mentres coidan

do gando, mentres paren os fillos, mentres coidan da casa, mentres sustentan sobre os ombreiros a sociedade. Non pode ser en van toda esa forza. Queren aprender. Queren ler e escribir, e entender o microcrédito e formarse e montar empresas. Non hai nin un intre para o desleixo nin para a apatía. Con esta forza o mundo xira.

Estás de volta?



Estou de volta man a man co persoal. Coas persoas que fan os días importantes. Nas aldeas as traballadoras son mulleres da propia comunidade, mulleres que estudaron a primaria, mulleres que perderon as fillas na onda, mulleres que teñen unha familia grande que manter, viúvas que buscan a vida alén das dependencias. Elas son os piares dun traballo que non se basea en superiores e inferiores

senón no traballo man a man. Porque só cando unha está ao mesmo nivel pode falar con propiedade desa enigmática palabra, "cooperación", sen terlle que engadir "paternalismo", "colonialismo" e algún outro -i[t]smo que una a península cos centros de explotación.

Estás de volta?



Estou de volta. De volta nos aeroportos, na sensación de voar sen moverme, no mecanismo de ser unha pantasma, na mestura dos recordos, na asimilación de deixar de ver un océano para pasar a outro. Nos aeroportos o tempo pasa a compases estraños, un lugar neutral na batalla que se libra entre as pertenzas. Pero xa chegou o momento en que non compiten, e nada máis se deixan

levar, deixan que eu as leve, dun lugar a outro, chamándolles aos dous fogar.

Estás de volta?



Estou de volta. Na lingua. Na casa. Na cama. Na tortilla de patacas. Nas camisetas e pantalóns. Escribindo outro texto diferente. Ou se cadra sempre o mesmo. Falando coas liñas entrelazadas do que semellan ser dous mundos e non obstante non son senón o mesmo. Dentro de min e fóra tamén. Como unha buguina esfarelado o son do mar aos catro ventos. Dun océano a outro. Dun lado do mundo a outro. Aquí, onde se decide, no mundo da comodidade, escríbese tamén o mundo da miseria, o mosaico que entre todas conformamos. O mosaico que non queremos ver. O mosaico do que facemos parte. Pero cómpre ver. Cómpre abrir os ollos á fin,

cómpre ler o texto escrito nos nosos pantalóns feitos na India por mans de nenas. Cómpre escoitar as voces das persoas que falan. E cómpre sobre todo loitar porque xa demasiado tempo nos relacionamos a través da explotación. Agora hai unha alternativa. É o regreso ao traballo da formiga, o regreso ao berro permanente que alguén, nalgures, se cadra, escoitará.

Estás de volta?

DE ONDE?

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Fotografía de portada: Paco Vila



29 SETEMBRO DO 2005 - NÚMERO 586

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



de volta?



Ti e mais eu. Collemos aire, abrimos os ollos e seguimos no soño, voando ante o solpor das Ons. Ti e mais eu nunca quixeramos espertar, nunca quixeramos voltar á realidade. **C. Domínguez**



Fisteus desaparece. A miña veciña Lola é unha muller alegre. Bailo con ela e inventamos a vida. Os seus ollos están cheos de flores **Lupe Gómez**



No reino de Gulliver, en Noia. Entre os pés del e dela (de Mónica e Jorge) no areal de Queiruga. Herdeiros dun mundo máxico sen hipotecas. Chaman á porta. Pódese vivir neste refuxio máis meses? **Ch & J. Mirás**

Pegadas dos lugares que visitamos. Tempo de suspensión e tempo suspendido. Democratización da arte. Non é un privilexio: a arte está en ti como respiras. A súa vocación xenerosa: rescatar os recordos da intimidade e facelos públicos. Nossos tamén. ¿Onde estiveches este verán? ¿Cara a onde miraches? Rompiches a fronteira e aconteceu o milagre: sen que te deses de conta, xurdiu unha forma diferente de ver o mundo, de mirarte. ¿Queres compartir esa experiencia? ¿Espirte aínda que

quedes coas túas gafas de sol postas, as que che permiten seleccionar o punto de vista, a cor da túa roupa, a tinguadura da túa posición? ¿Que viches que te sorprende tanto? ¿Que caras leron na túa cara a mensaxe gramatical do riso e da quebrazón, a frase vivencial do medo e da esperanza? ¿Onde estiveches este verán? ¿Que sentiches para regresar así, falando nunha lingua que antes parecías ignorar e, porén, aprendiches instantaneamente? Soletreáanos o novo alfabeto. Apréndenos a súa pronuncia.



A beleza e o instante conxugados. A perfección das pernas flexionadas e do xogo de liñas dos pés, os brazos coma os dun paxaro, o peito desafiante e cabeza erguida ante o mundo... E, de novo, a indefinición. ¿Un drama? ¿Unha diversión? Tanto ten. **Roberto Ribao**



É a liña do océano, que tensa toda a súa grandeza entre dúas masas de areeira. Praia da Galé, camiño de Albufeira a Armação de Pêra, no Algarve portugués. O sol, é setembro, aínda peta con orgullo sobre a area. E o sal, ben máis teimudo que no Atlántico de Galiza, debuxa camiños pola pel abaixo. A luz que case queima a fotografía reflicte a plenitude dese momento: só nós e todo isto. **Francisco P. Lorenzo**



No Gran Lago, en Camboxa, moi preto dos impresionantes templos de Angkor, viven numerosas familias camboxanas e vietnamitas. O seu medio de comunicación cotián son pequenas

barcas, algunhas tan sinxelas como a desta nena que, nunha especie de bandexa e cun pau a xeito de remo, se despraza velozmente polas augas lamacentas do río. **María Salvado**



A imaxe da esquerda: Cholula. Estado de Puebla. A imaxe da dereita: Bos Aires. Praza do Congreso. México: son os últimos tempos do menenismo. O pobo sae á rúa, necesidade de evacuación.



México. Rigor científico nos controis de potabilidade das augas. Augas Limpas= transparencia política **Braulio Vilariño**




Cidade de Hoi Iám. "A elegancia é a lentitude"
(R. Capa) por **Manolo Martínez**



Comment ça va? Ahmed Hamidouch espera no café dos artistas a chegada de amigos que o convidan á maxia: esa 'magia' "soit disons" que lle fai entregar a vida a dentadas. Entusiasta de Jacques Brel –a quen un pintor francés retrata con el nunha peza para o espazo naif– Ahmed soña con saír de Marrocos, vivir en Barcelona ou Cádiz,

aínda que o seu soño sexa ficción e saiba que non logrará sobrevivir fóra. Comment ça va?, e repite: "Petit chouia, petit chouia". Pouco a pouco e sente como se evapora a vida. Máis tarde, cando cae a noite encende un misto e, erguido espeta a frase do seu autor e mentor preferido. Emile Zolá: "Esto é o amor, un misto" **S. N&F. G**



Gustamos do océano: cando océano é sorpresa e nos acolle. Sen límites: do norte ao sur galaico. Castro de Baroña –no saltar dos arroaces–, o sol do solpor en Fisterra –no andar pola praia– Ribeira –nunha lonxa en código secreto para a subhasta– Cabo Home e Udra –onde se fixo noite– ou Compostela. En Ortegal soa "itapoa" e vimos toda a terra rodar. Chegamos de Bruxelas e Barna para saltar entre as pedras que forma o Atlántico e soñar coa emoción que desatan os reencontros. Galicia espiuse para nós e nós, Erik e Argi, prometemos voltar. Regresar ó recollemento de Santa Cristina de Ribas de Sil ou volver a tumbarnos baixo as viñas que son camiños de vida. Prometemos voltar.....
.. e voltaremos a un país que parece non saber do seu. **Erik e Argi**

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Diseño: Signum. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Fotografía de portada: M. Martínez

